

VIERNES 14 XULLO

- 19:00 ACENDEMENTO DA MEGAFONÍA
 19:30 BANDA DE MÚSICA CULTURAL VILANOVA DE AROUSA
ALAMEDA
- 21:15 PREGÓN A CARGO DE D. JOSÉ ANTONIO BEIRO
 RODRÍGUEZ, PRESIDENTE DO CLUB AMFIV
CASA RECTORAL
- 21:30 ORQUESTA TOKIO *PÉRGOLA*
 22:15 ACENDEMENTO OFICIAL DA ILUMINACIÓN *ALAMEDA*
 22:30 BANDA DE MÚSICA CULTURAL VILANOVA DE AROUSA
ALAMEDA
- 23:00 ACTO DE NOMEAMENTO DAS "DONAS E CABALEIROS
 DE BOUZAS"
ZONA FRANCA
- 23:00 ORQUESTA COMPOSTELA *PRAIA*
 0:00 BANDA DE MÚSICA CULTURAL VILANOVA DE AROUSA
ALAMEDA
- 0:30 ORQUESTA TOKIO *PÉRGOLA*
 2:00 ORQUESTA COMPOSTELA *PRAIA*

SÁBADO 15 XULLO

- 10:00 CAMPIONATO DE PETANCA *ALAMEDA*
 10:30 PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA LIRA DE PRADO SAÍDA E
 CHEGADA *ALAMEDA*
- 12:00 DESFILE DE CABEZUDOS SAÍDA PRAZA DE URZAIZ -
 RÚA DO PAZO - *ALAMEDA*
- 12:00 BANDA DE MÚSICA LIRA DE PRADO *ALAMEDA*
 13:00 MISA DOS MAIORES
 14:00 COMIDA - HOMENAXE OS NÓSOS MAIORES
ZONA FRANCA
- 18:00 CAMPIONATO DE FALUCHOS *PRAIA*
 18:00 BANDA DE MÚSICA LIRA DE PRADO *ALAMEDA*
 19:00 TROULA ANIMACIÓN INFANTIL *ALAMEDA*
 21:00 ENTREGA DE TROFEOS DO CAMPIONATO DE FALUCHOS,
 PINTURA, PESCA INFANTIL, CANASTA E FÚTBOL
ALAMEDA
- 20:45 GRUPO CIBELES *PÉRGOLA*
 21:00 BANDA DE MÚSICA LIRA DE PRADO *ALAMEDA*
 22:30 ORQUESTA LA DIMENSIÓN *PRAIA*
 0:00 BANDA DE MÚSICA LIRA DE PRADO *ALAMEDA*
 0:00 GRUPO CIBELES *PÉRGOLA*
 1:30 ORQUESTA LA DIMENSIÓN *PRAIA*

DOMINGO 16 XULLO

- 10:30 BANDA LA UNIÓN DE GULÁNS *ALAMEDA*
 11:45 RECEPCIÓN DE PERSOEIROS
 12:00 MISA SOLEMNE CANTADA POLA CORAL CASABLANCA
 13:00 BANDA LA UNIÓN DE GULÁNS *ALAMEDA*
 17:30 BANDA LA UNIÓN DE GULÁNS *ALAMEDA*
 19:00 TROULA ANIMACIÓN.- MAGIA CÓMICA *PÉRGOLA*
 20:15 BANDA LA UNIÓN DE GULÁNS *ALAMEDA*
 20:00 GRUPO QUIÉN LO DIRÍA *PÉRGOLA*
 21:30 PROCESIÓN DO SANTÍSIMO CRISTO DOS AFLIXIDOS
 23:00 XII FESTIVAL POÉTICO PIROMUSICAL
 "CIDADE DE VIGO - VILA DE BOUZAS"
- 23:30 ORQUESTA LOS ESPAÑOLES *PRAIA*
 0:00 BANDA LA UNIÓN DE GULÁNS *ALAMEDA*
 1:00 GRUPO QUIÉN LO DIRÍA *PÉRGOLA*
 2:15 ORQUESTA LOS ESPAÑOLES *PRAIA*

LUNES 17

- 10:30 PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA
 SAÍDA E CHEGADA *ALAMEDA*
- 12:30 BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA *ALAMEDA*
 17:00 TROULA ANIMACIÓN.- MOULIN ROUGE *ALAMEDA*
 18:00 BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA *ALAMEDA*
 19:00 MISA SOLEMNE NA HONRA DA NOSA SEÑORA
 DO CARME E SAN TELMO
 20:00 PROCESIÓN DA NOSA SEÑORA DO CARME E SAN TELMO
 20:45 GRUPO IMPERIO *PÉRGOLA*
 21:00 BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA *ALAMEDA*
 22:30 ORQUESTA PANAMÁ *PRAIA*
 0:00 GRUPO IMPERIO *PÉRGOLA*
 0:00 BANDA DE MÚSICA DE REDONDELA *ALAMEDA*
 1:30 ORQUESTA PANAMÁ *PRAIA*

MARTES 18 XULLO

- 10:30 PASARRÚAS BANDA DE MÚSICA CULTURAL
 VILANOVA DE AROUSA SAÍDA E
 CHEGADA *ALAMEDA*
- 12:30 BANDA DE MÚSICA CULTURAL VILANOVA DE
 AROUSA *ALAMEDA*
- 13:00 MISA SOLEMNE NA HONRA A SAN PEDRO EL
 PESCADOR
 14:00 COMIDA DE PATRONES
 18:30 BANDA DE MÚSICA CULTURAL VILANOVA DE
 AROUSA *ALAMEDA*
- 19:00 TATARINA ANIMACIÓN INFANTIL *ALAMEDA*
 20:45 GRUPO YUKATAN *PÉRGOLA*
 21:00 PROCESIÓN NA HONRA DE SAN PEDRO COA IMAXE
 DA "PESCA MILAGROSA"
- 22:00 ENTREGA DE PREMIOS CONCURSO FOTOGRAFÍA
 DIXITAL *ALAMEDA*
- 22:30 ORQUESTA LEDICIA *PRAIA*
 0:00 GRUPO YUKATAN *PÉRGOLA*
 0:00 BANDA DE MÚSICA CULTURAL DE VILANOVA DE
 AROUSA *ALAMEDA*
 1:30 ORQUESTA LEDICIA *PRAIA*

POEMAS

Pastoral

Andar polos camiños do mundo sen máis rumbo
Que o simple percorrer distancias, procurar
Lugares, ríos, pontes, ermidas nas alturas.
Caer por una vía seguindo una derrota
De fentos, de enxurradas, o mesmo que un pastor.
Seguir do gando o paso, penados entre xestas,
E ser na longa noite gardado polos cans,
Sublime soitude dos matos, dos outeiros.
Vagar como quen segue o brillo dunha estrela,
Quecer nunha fogueira austeros bebedizos,
Libar de cando en cando o mel dalgún licor
E non obter de humanos máis trato que o silencio
Errante como un leve paxaro que emigra
Fuxindo do seu fado, xa libre do destino.

Manuel Forcadela

As noites van dispoñendo aneis de fráxil néboa

As noites van dispoñendo aneis de fráxil néboa
nos lindes do meu mar
e os ecos que altas aves difunden cara abaixo
posúenme en acordes turbulentos,
sinais de flautas graves afundidas
como vellas goletas preñadas con ouro
ou de harpas que tanxen o voo dunha liña
afastada e distante.
Nas altas alboradas
a terra adquire un brillo tan roxizo
que hai un soño de arxila poboando no mar
ou vaivén dos cabalos que corren a praia
ou sinalan no asombro outro lenzo de longas áreas.
E una alauda que chega no medio da tarde,
acendendo una esfínxe de casas ao lonxe,
vén abrir una caixa de vidros antigos
e fechar un castelo,
o xardín onde soño o teu rostro embazado de sombras.

Manuel Forcadela

Realidade

Ás veces é mellor seguir na realidade,
Deitarse baixo a sombra das árbores a ver
Os líquidos que o mundo dispuso na conciencia,
E andar polos camiños confusos da lembranza
Seguindo un vello norte, alguna rota antiga.
Deitar pesadas áncoras no leito dalgún río,
Deixar que as augas pasen e ollar como o fluir
Do tempo e da enxurrada do inverno se apresura
Na busca dunha foz, dun límpido remanso.
Feliz quen considera sentar xunto á ribeira
E nesta acción culmina un feixe de percursos,
O límite de moitos camiños emprendidos.

Feliz quen nega o mundo dos triunfos e a vaidade,
Aquel que desde a calma refuga os agasallos,
E alí sentado escoita os páxaros bater,
As alas nun escándalo na lámina das augas

Manuel Forcadela

Barcos

Ninguén virá deitar a ollada nestes barcos,
De cansos que están hoxe, varados sobre a praia,
O sal do mar virando as cores da pintura,
As algas pondo un leve matiz de brillo e verde
No lombo que sulcou as ondas entre a néboa.
Proxectan no silencio un eco amortecido,
Fantasmas sen oficio nin ruta nin camino,
Inermes viaxeiros á espera doutro rumbo.
Disparo contra eles a cámara prendida
E capto o seu reflexo na luz e na mirada,
Azuis desdubuxados no límite do branco,
Marróns que se perderon e agora poden ter
Metais enferruxados, brochazos de gasóleo.

Tamén noutras alturas da vida eu embarquei
En busca de ribeiras, de illas e naufragios,
E dei polas estradas do mar algunhas voltas,
Cativo de tormentas e tristezas.
Tamén eu fun varado despois de travesías,
Tamén volvíñ sulcar as augas entre escumas,
Relampagos de crepúsculo.
Por iso ollar os barcos é case como ollar
O pouco que inda gardo dos tempos dos lugares,
O escaso capital que en anos aforrei
Das pratas e os denarios dos soldos da existencia.

Por iso as longas fotos que estendo teñen barcos,
As naves que hai por dentro, caladas a sulcar
Os mares sen distancia, a noite entre vapores,
Océanos de vida. Lagoas de lembranza.

Manuel Forcadela

CONCELLO
DE VIGO



DEPUTACIÓN
PONTEVEDRA


ríasbaixas

galicia

Porto de Vigo

Autoridade Portuaria de Vigo

ABANCA



BOUZAS en Festas
do 14 o 18 XULLO
2017
Festas de interese, turístico de Galicia

XIII Festival Poético
Piro - Musical Cidade de Vigo
Vila de Bouzas. DOMINGO 16 XULLO,
ás 23:00

Selección de Poesías y Voz:

Maximino Queizán

Música: Selección de Eva (Xaraiva)

Dirección e coordinación dos fogos: Xaraiva

ZFV
CONSORCIO ZONA
FRANCA DE VIGO



VITRASA
avanza

ATENCIÓN Ó VIAXEIRO 986 20 74 74
LIÑAS REGULARES DE SERVIZO
DIURNO: C3, L10, L13, L15B y L15C.

Venres 14 Xullo e Sábado 15 de Xullo
LIÑAS SERVIZO NOCTURNO:
VENRES 14 DE XULLO E SÁBADO 15 DE XULLO:
Inicio do servizo: 22:50 h dende Samil. Frecuencia
30 minutos N1 e N2. Frecuencia de 15 minutos
con N1 e N2 nos tramos comprendidos
entre: SAMIL - CAMELIAS - PASEO ALFONSO -
POLICARPO SANZ. Percorrido do servizo
especial: Samil (Polideportivo) - Avda. Europa
- Tomás Alonso - Camelias - Paseo Alfonso -
Policarpo Sanz.

Domingo 16 de Xullo Fogos de Bouzas
Refórzanse as liñas que fan o seu
percorrido por **Bouzas**. Dende as
22.00 h ata as 24.00 h entrará en
funcionamento un servizo especial
entre **Bouzas** e **Policarpo Sanz**.
A partir das 24.00 h este servizo especial
funcionará cunha frecuencia de 15
minutos aprox. ata a finalización dos
lumes artificiais.